

Irisarri anima os rapaces reunidos en Correlingua a empregar o galego durante os 365 días do ano

Ferrol, 8 de maio de 2008

O alcalde, Vicente Irisarri, e a concelleira de Educación, Mercedes Carbajales, desprazáronse onte pola mañá ata o recinto feiral para apoiar unha nova edición do Correlingua. Eles foron os encargados de dar a benvida aos nenos e nenas que, arremuiñados preto do escenario, agardaban a que comezase o espectáculo lúdico-musical. Antes, os rapaces percorreran o paseo marítimo da Malata nunha carreira non competitiva na que portaban pancartas a favor da lingua de Castelao.

Irisarri quixo animar os rapaces e rapazas a empregar o idioma galego “os 365 días do ano” en todos os aspectos da súa vida cotiá.

A actividade, que convocaba a centos de rapaces e rapazas dos centros de ensino de Ferrol e bisbarra dos niveis de Infantil e Primaria, comezaba no día de antonte na Coruña e tras visitar onte Ferrol rematará a súa andaina en Ourense, precisamente na xornada previa á celebración do Día das Letras Galegas.

Concibido como unha proposta de carácter lúdico-educativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de fomento da lingua galega, o Correlingua pretende tamén, segundo os seus organizadores, que os nenos poidan exercer como galegos e galegas a través do uso do idioma.

<http://www.xornalgalicia.com/index.php?name=News&file=article&sid=312.70>

1. A que tipo de público se dirixe o Correlingua?

2. En que cidades galegas se celebrou xa?

3. O alcalde dunha desas cidades animou os rapaces a ...

4. Que fixeron os rapaces antes de empezar o Correlingua?

5. Cal é a “lingua de Castelao”?

6. Escribe outro título apropiado para o texto.

7. Busca información sobre Castelao (<http://gl.wikipedia.org/wiki/Castelao>), e contesta as seguintes preguntas:

a) Que actividades desenvolveu na súa vida?

b) De que revista foi director artístico? Por quen foi fundada esa revista?

c) Que libros narrativos publicou?

d) E que obras teatrais?

e) En que libro expresa o seu pensamento político?